



**DEREITOS DAS MULLERES  
A REVOLUCIÓN CREATIVA**



  
Consello Municipal  
da Muller

  
concellería  
de igualdade

## DÍA INTERNACIONAL DA MULLER-8 DE MARZO

### VIGA. DEREITOS DAS MULLERES. A REVOLUCIÓN CREATIVA

Organizada polo Consello Municipal da Muller e maila Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, a Praza 8 de Marzo acollerá, o domingo 13 de marzo, unha xornada repleta de actividades de música, xogos, lectura, teatro e agasallos.

#### Vigo, 7 de marzo de 2011

Con motivo do Día Internacional da Muller, o Consello Municipal da Muller de Vigo celebrará o vindeiro domingo 13 de marzo un encontro na praza 8 de Marzo co obxectivo de gozar dunha xornada de convivencia e de reivindicación.

As actividades previstas, que se prolongarán durante toda a xornada neste espazo (situado entre os números 89 e 91 da Avda das Camelias), transformarán esta céntrica praza nun lugar de encontro das mulleres da cidade e do público en xeral, xa que no programa están incluídos actos para nenas e nenos e persoas adultas.

Así, de xeito ininterrompido de 11:30 a 20:30 horas desenvolverase unha completa programación que persegue a participación activa das persoas que asistan. O público poderá contribuír, coas súas mensaxes, á elaboración dun mural e colaborar na lectura de textos seleccionados relativos á situación da muller.

As nenas e os nenos que se acheguen á praza tamén poderán participar en diversas actividades, como o obradoiro infantil, que comezará ás 12:00 horas e incluírá contacontos, xogos creativos e reparto de agasallos. Así mesmo, a praza animarase cunha zancuda, globoflexia e pompas de xabón.

#### Música e espectáculo para todos os gustos

A ambientación musical e teatral prevista durante todo o día realizarase no interior dunha carpa instalada na praza.

Ás 11:30 horas actuará o grupo "Cantareiras do Alba", do C.C.A.R de Valadares, e ás 12:45 horas terá lugar a representación teatral "As grandes mulleres da historia visitan Vigo", a cargo de alumnas do IES "Ribeira do Louro" do Porriño.


**DEREITOS DAS MULLERES  
A REVOLUCIÓN CREATIVA**


Consello Municipal  
da Muller



concellería  
de igualdade

Pola súa parte, ás 13:30 horas, dará comezo a actuación do dúo "a-dúas", integrado polas violinistas Laura e Marina Quintillán.

Pola tarde, ás 17:00 horas, representarase a obra "Vanessa non quere ser princesa", a cargo de Xerpo Cultural. Esta peza de teatro de sombras está dirixida a un público infantil e familiar.

Tras esta actuación, ás 18:00 h comezará a performance "Outro paso máis", que poñen en escena alumnas da ESAD (Escola Superior de Arte Dramática).

Ao seu termo, ás 19:00 horas terá lugar a lectura do Manifesto do Consello Municipal da Muller co gallo do 8 de Marzo e, ás 19.30 horas as actrices Clara Gayo e Iria Piñeiro ofrecerán o espectáculo "Área de Descanso", inspirado no cabaret.

*"VIGA. Dereitos das Mulleres. A revolución creativa "*

Todos e cada un dos elementos presentes na praza terán a imaxe deste encontro, VIGA, que baixo o lema "Dereitos das Mulleres. A revolución Creativa" propón a utilización da creatividade activa na loita cara á igualdade e para rematar coa discriminación que sofren as mulleres. Pola súa parte, VIGA, utilizado dende hai varios anos polo Consello Municipal da Muller para celebrar o 8 de Marzo, representa un simbólico cambio de xénero no nome da cidade. Un cambio formalmente pequeno que implica unha revolución. Unha provocación ante os prexuízos. Fronte á conservación incondicional de valores tradicionais, unha mensaxe clara de que todo é susceptible de ser cambiado.

Para facer chegar á cidadanía este evento, o Consello Municipal da Muller está a levar a cabo unha campaña informativa que inclúe o reparto de 20.000 folletos, distribuídos en todos os barrios da cidade, así como en entidades veciñais e outros colectivos sociais. Ademais, a campaña está a utilizar outros soportes, como o transporte público urbano e mupis.

Consello Municipal da Muller

O Consello Municipal da Muller de Vigo está integrado por un total de 23 entidades, entre as que figuran representantes de asociacións de mulleres, grupos políticos con representación municipal, secretarías da muller dos sindicatos, e a Concellería de Igualdade.



## DEREITOS DAS MULLERES A REVOLUCIÓN CREATIVA



Concello Municipal  
da Muller



concellería  
de igualdade

Na actualidade, conforman o Consello as seguintes asociacións: Asociación de Mulleres Lúa; Asociación de Mulleres Rosalía de Castro; Asociación de Mulleres Dorna; APM Concepción Arenal; Feministas Independentes Galegas; Mulheres Nacionalistas Galegas; Asociación de Mulleres Progresistas; Asociación de Mulleres de Bouzas, Asociación de Mulleres Xestas; Colectivo Violeta; Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo; Vogalía da Muller da Federación Veciñal "Eduardo Chao" de Vigo; Secretaría da Muller da CIG; Secretaría da Muller de CC.OO; Secretaría da Muller da UGT; Secretaría da Muller de STEG; Asociación Multicultural de Mulleres; Escola de Mulleres Solidarias da Área Metropolitana de Vigo; Asociación Mulleres en Igualdade; Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, Grupos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e PP.

### Outras actividades complementarias

Co gallo da celebración do Día Internacional da Muller, o Consello Municipal da Muller organiza ademais un programa de actividades que se están a desenvolver durante todo o mes de marzo e que inclúe exposicións, ciclo de cinema infantil, concurso de fotografía dixital e microvídeos, proxeccións de documentais e un pleno no que participarán as integrantes do Consello Municipal da Muller.

Así, ata o domingo 20 de marzo permanecerá aberta na Casa das Artes a exposición "Vermellas. Chamábanlles Rojas". A mostra pon nome e rostro ás mulleres represaliadas en Galicia tras o golpe de estado de 1936. Conta con abundante documentación literaria, ademais de fotografías e material audiovisual. Pódese visitar:

De luns a venres: De 18:00 a 21:30 h.

Sábados: De 11:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:30 h.

Domingos e festivos: De 11:00 a 14:00 h.

Outra das actividades previstas é un Ciclo de cinema infantil, no Verbum-Casa das Palabras, coas seguintes proxeccións:  
Sábado 19 de marzo: "A Estrela de Laura". Ás 17:30 h  
Sábado 26 de marzo: "Mulán". Ás 17:30 h

Por outra parte, o Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO) será escenario da presentación de dous proxectos:  
martes, 15 de marzo ás 19:00h: presentación do Proxecto BATA, realizado polo alumnado do IES Alexandre Bóveda e galardoado co Premio IRENE do Ministerio de Educación.



**DEREITOS DAS MULLERES  
A REVOLUCIÓN CREATIVA**



Concello Municipal  
da Muller



concellería  
de igualdade

Martes, 22 de marzo ás 19:00 h: Presentación pública do documental "Digna Rabia", da Asociación Memoria Histórica do 36 de Pontearreas. Actuación musical previa e mesa redonda posterior.

#### Concurso de fotografía dixital e microvídeos

Así mesmo, ao longo do mes de marzo poderán presentarse vía *on-line* as propostas ao Concurso de fotografía dixital e microvídeos que organiza a Concellería de Igualdade e o Consello Municipal da Muller (máis información na web [igualdadevigo.org](http://igualdadevigo.org).)

A entrega de premios, exposición e proxección das obras presentadas terá lugar o martes 12 de abril no Verbum-Casa das Palabras. Este concurso convócase co fin de fomentar unha maior implicación e concienciación cidadá a favor da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, así como para servir de canle para amosar as achegas que ao longo da historia fixeron e fan as mulleres, ben de xeito individual ou colectiva.

#### Sesión plenaria

O 8 de Marzo terá lugar no salón de plenos do Concello de Vigo unha sesión plenaria específica na que participarán as integrantes do Consello Municipal da Muller. A sesión, aberta ao público ata completar o aforo, comezará ás 10:00 horas.

Todas estas actividades e actos están organizadas conxuntamente polo Consello Municipal da Muller e a Concellería de Igualdade de Vigo.